

## DE NOVO, ÉXITO ROTUNDO DO ALUMNADO DO IES PLURILINGÜE ADORMIDERAS NA OLIMPIADA DE FÍSICA!



As alumnas **Sofía San Miguel Monterroso** e **Ana Amigo Ribet**, alumnas de 2º de bacharelato do **IES Plurilingüe Adormideras**, foron seleccionadas para representar a Galicia na **Olimpiada Española de Física** deste ano 2023, despois de celebrarse a fase autonómica organizada polas Universidades galegas o pasado venres 3 de marzo. Nesta dura proba, Sofía acadou o **primeiro posto** e Ana o terceiro. Ademais, a alumna **Nuria García Medina** conseguiu quedar ás portas de dita selección.

Con este resultado, **o noso instituto consegue ser o único en Galicia con dous representantes na selección galega!**

O éxito acadado polo noso instituto é maior se cabe se temos en conta que nos últimos seis anos **seis dos nosos estudantes** clasificáronse para dito certame nacional e ademais dous deles obtiveron finalmente en dita proba unha **medalla de prata** (no ano 2017) e outra de **bronce** o pasado ano. Neste 2023 imos a polo ouro e a pola clasificación para o certame internacional en Xapón!

**Parabéns para as alumnas e ao seu profesor de Física, Antonio Jesús García Bastida**, por este gran éxito, e moitos ánimos para a dura proba que lle espera!...